

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE "GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A." E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO PARA A IMPLANTACIÓN DA TECNOLOXÍA DE PROTONTERAPIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A. e a Universidade de Vigo formalizaron o 18 de outubro de 2021 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura e durante un periodo de dous anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, sen que en ningún momento o período de vixencia poida superar o límite temporal establecido no artigo 34.2 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexera a colaboración entre a UVigo e Galaria para o intercambio de información e colaboración en I+D enfocados á implantación da técnica de protonterapia en Galicia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Con data 31 de marzo de 2021 o Consello de Administración de Galaria aprobou por unanimidade avanzar no proxecto de estudar a posible implantación dun centro de tratamento de protóns. O cumprimento deste obxectivo poderá ser realizado por Galaria de maneira directa ou a través de contratos, concertos e convenios de colaboración con terceiras persoas ou entidades.

Existen importantes sinerxías na colaboración Consellería de Sanidade-UVigo-Galaria de interese mutuo nas áreas de formación especializada e de colaboración en actividades de I+D nas tecnoloxías referidas. Estas actividades poden levarse a cabo a través da participación en redes especializadas internacionais (European Particle Therapy Network EPTN, Particle Therapy Co-Operative Group PTCOG) e con outros centros de investigación cos que hai experiencia de colaboración previa: GSI (Alemaña), PSI (Suíza), GANIL (Francia), Univ. Lovaine la Neuve (Bélxica), Laboratorio LIP de la Univ. de Coimbra (Portugal), Instituto de Nanotecnología Iberian Nanotec Lab INL, Braga (Portugal), e a Univ. Politécnica de Valencia. Así mesmo, poden plantexarse escenarios de financiación en convocatorias públicas para afrontar esas actividades.

A actividade obxecto do presente convenio, consistente na colaboración entre a UVigo e Galaria para o intercambio de información e colaboración en I+D enfocados á implantación da técnica de protonterapia en Galicia, aparece como unha actividade prevista nas letras a) e c) do artigo 34 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.